


CONCELLO DE CARNOTA
I PLAN MUNICIPAL DE INFANCIA
E ADOLESCENCIA

2018 - 2021



Política de referencia: M^a Carmen Armendáriz Villar
marupearmandariz@gmail.com

Técnica de referencia: Reyes Quintela Vázquez
reyesquintela@carnota.es

INDICE

AGRADECIMENTOS

PRESENTACIÓN

INTRODUCCIÓN

REFERENTES

REFERENTES CONCEPTUAIS

OBXECTIVOS

METODOLOXÍA

INFORMACIÓN SOBRE CARNOTA

ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

RECURSOS

ORGANIGRAMA

AGRADECEMENTOS



O Concello de Carnota quere agradecer enormemente a colaboración de todas as persoas que fixeron posible rescatar a información que amosamos a continuación.

En primeiro lugar, grazas a todas as nenas, os nenos e adolescentes do CEIP de Carnota, do CEIP O Pindo e do IES Lamas de Castelo, pois sen as súas opinións e aportes este documento non tería razón de ser.

Por outra banda, agradecemos inmensamente o traballo e o tempo dedicado polas persoas que actuaron en calidade de representantes de diferentes entidades e institucións municipais, como a EEI O Viso, a EEI Portocubelo, o CEIP de Carnota, o CEIP de O Pindo, o IES Lamas de Castelo, a ANPA CEIP Carnota, a ANPA CEIP O Pindo, a Asociación Veciñal Insua de Lariño, a Asociación Veciñal Xurde Caldebarcos, a Asociación Gremio dos Músicos de Carnota, a ACDR O Patín, a Asociación Cultural Canle de Lira e ACAR Pedramar do Pindo.

Ademais, este documento non sería posible sen o traballo en equipo do persoal das áreas técnicas de Servizos Sociais, Normalización Lingüística, Cultura, Axencia Municipal de Lectura, Deportes, Mocidade, Policía Local e Urbanismo.

Xa para finalizar, agradecer o apoio e a axuda recibida por parte das traballadoras responsables do «Programa de Cidades Amigas da Infancia» na delegación de Galicia de UNICEF.



PRESENTACIÓN




Carnota Amiga da Infancia e da Adolescencia é unha iniciativa que xorde no marco da VIII Convocatoria de Recoñecemento de Cidades Amigas da Infancia de UNICEF. A Concellaría de Igualdade e Diversidade do Concello de Carnota decide formar parte desta Convocatoria para así comezar unha liña de traballo comprometida cos dereitos da infancia e da adolescencia.

Temos por diante un camiño por percorrer, e querémolo facer con ilusión e confianza. Queremos abrir as portas e as fiestras do Concello para deixar paso á participación das rapazas e dos rapaces, e así ter en conta a súa mirada crítica, que estamos seguras que nos fará medrar e ser mellores. Igualmente, queremos garantir que as nenas, os nenos e as adolescentes acceden en igualdade de condicións aos servizos, ás políticas e ás actividades municipais, sen reparar no xénero, nas diversidades sexuais, na orixe étnica, nas discapacidade ou na clase social. Hoxe mostramos o noso compromiso para ter en conta a cidadanía da infancia e da adolescencia como un eixo fundamental no noso día a día no Concello.

O proceso de traballo iniciado en 2017 reflicte a nosa vontade por ser un Concello Amigo da Infancia. Presentamos unha liña de traballo que impulsou a participación da veciñanza e de axentes sociais, e que se comprometeu coa infancia e coa adolescencia. Igualmente, presentamos o futuro que decidimos entre todas e todos, un futuro pensado para a calidade de vida das rapazas e dos rapaces, porque elas e eles son o futuro de Carnota.

María del Carmen Armendariz Villar
Concellera de Igualdade e Diversidade do Concello de Carnota



INTRODUCCIÓN



A Concellaría de Igualdade e Diversidade aposta pola formulación do I Plan Municipal da Infancia e da Adolescencia de Carnota. O principal obxectivo é establecer políticas municipais baseadas na Convención de Dereitos do Neno e da Nena, do 20 de novembro de 1989. Comezamos esta andaina con moita ilusión, e co compromiso de situar á infancia e á adolescencia nunha posición fundamental e protagonista no escenario municipal. A planificación que se mostra no presente documento ten como última finalidade a inclusión da perspectiva da infancia e da adolescencia na axenda política municipal; esta-blecendo, deste xeito, un reto a través do que pretendemos que os dereitos da infancia e da adolescencia impregnen todo o funcionamento municipal.

Con este obxectivo o I Plan Municipal da Infancia e da Adolescencia de Carnota fixa catro eixos de actuación fundamentais:

• **A construción de estruturas que garantan a participación real das rapazas e dos rapaces.** Co obxectivo de telas en conta como verdadeiros suxeitos de dereitos. Pretendemos que a creación destas estruturas sexan un mecanismo práctico para garantir a incidencia política da poboación infante e adolescente no deseño, na execución e no seguimento e avaliación das políticas públicas, concretamente, nas liñas de traballo que propomos neste documento. Neste senso, prestamos especial atención á inclusión de mecanismos que garantan a representación equilibrada por sexo, a nosa intención é incluír a perspectiva das nenas e dos nenos nestes espazos.

• **A sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia.** Consideramos imprescindible crear canles de información e comunicación que divulguen e informen sobre os dereitos da infancia.



•**Coordinación, cooperación e colaboración.** Este plan é construído dende unha óptica democrática, aberta e participativa. A través do labor realizado até o momento pretendemos instaurar novos modos de traballo que se baseen na coordinación e no traballo cooperativo tanto a nivel municipal como a nivel comunitario.

•**Prevención e protección da infancia e apoio ás familias.** Esta liña de actuación pretende crear mecanismos que garantan a igualdade no acceso aos servizos, políticas, actividades e prestacións á totalidade de rapazas, rapaces e familias de Carnota.

A metodoloxía traballada para a formulación deste Plan consistiu na creación de espazos e estruturas nas que compartimos información, coñecemento e experiencias co obxectivo de lograr un mapa de necesidades o máis adaptado á realidade do noso territorio. O obxectivo desta forma de traballar foi establecer responsabilidades e compromisos compartidos, é dicir, o fomento dun traballo futuro en rede para garantir o respecto dos dereitos da infancia e da adolescencia, así como o respecto da poboación menor de idade como suxeito de dereitos e axente de transformación social. Estes espazos de traballo cooperativo pretenden ser unha plataforma que dea voz á poboación infante e adolescente para exercer a súa cidadanía: os seus dereitos e as súas responsabilidades. Así mesmo, pretendemos que esta plataforma sexa sostible no tempo e que supoña un mecanismo onde todos os axentes sociais e a comunidade educativa se sintan partícipes dun proxecto ilusionante no que todas e todos temos a mesma voz e podemos traballar polo benestar e calidade de vida das máis pequenas.

REFERENTES



O I Plan Municipal da Infancia e da Adolescencia de Carnota pretende desenvolver novas dinámicas de traballo inspiradas nas novidades e actualizacións que veñen marcadas pola normativa, plans e estratexias que se propuxeron nos últimos anos no marco das políticas en materia de infancia e adolescencia dende o plano internacional, estatal, do autonómico e do local.

Referentes estratéxicos

- A nivel internacional apuntamos á Declaración e ao Plan de Acción a nivel mundial recollida no documento «Un mundo apropiado para os Nenos e para as Nenas», asinado en 2002 polas Xefaturas de Estado e de Goberno e as persoas representantes do Estado no marco da Asemblea Xeral de Nacións Unidas.

- A nivel estatal referenciamos ao «II Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia (2013 – 2016)» e a súa respectiva avaliación.

- A nivel autonómico temos en conta as achegas incorporadas na «Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA) (2016 – 2020)».

- A nivel local lanzamos a mirada aqueles concellos que aprobaron plans en materia en anos anteriores e dos que temos constancia dunha execución e seguimento real, tales como Castrelo de Miño ou Alcobendas.

- A nosa inspiración de traballo e de referentes metodolóxicos é o «Programa de Cidades Amigas da Infancia» de UNICEF.

- A nivel interno, tomamos como referencia a experiencia e traballo a prol dos dereitos da infancia desenvolvido polas diferentes áreas técnicas, a comunidade educativa e as numerosas asociacións culturais e veciñais do Concello de Carnota nos últimos anos.



Referentes normativos

A nivel internacional...

- A Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena, adoptada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 20 de Novembro de 1989 e ratificada por España o 30 de Novembro de 1990.
- A Carta sobre os Dereitos do Neno e da Nena. Resolución A-0172/92. Diario Oficial das Comunidades Europeas, 8 de xullo de 1992.

A nivel estatal...

- Capítulo III do Título I da Constitución Española de 1978, no que se alude a obriga dos Poderes Públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia e dentro de esta, con carácter especial, a das nenas e a dos nenos.
- A Lei Orgánica 1/1996, de 15 de Xaneiro, de protección xurídica do me-nor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil.
- Lei 7/85 de Abril de réxime local, que no artigo 25.2 apunta á competencia municipal de prestación de servizos sociais e de promoción e de reinserción social.
- Coa intención de incorporar a perspectiva de xénero dun modo transversal na planificación que se mostra a continuación, botamos man da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

A nivel autonómico...

- Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 27.23 que asigna a competencia en materia de políticas sociais á Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, que asigna á administración municipal a responsabilidade na prestación de servizos sociais, así como na execución de programas destinados á infancia e á xuventude.
- Coa intención de incorporar a perspectiva de xénero dun modo transversal na planificación que se mostra a continuación, botamos man do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Principios básicos

Tomamos como referente os principios básicos recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena, adoptada por Nacións Unidas en 1989 e ratificada por España en 1990:

- **Non discriminación:** as nenas, os nenos e adolescentes teñen os mesmos dereitos. Non importa o seu sexo, cor de pel, relixión, procedencia ou as ideas dos seus pais e súas nais. A aplicación deste principio supón promover a igualdade social a través de ferramentas de prevención e de compensación en situacións de emerxencia social. Ademais, ter en conta este principio leva consigo incorporar dun modo transversal o enfoque de xénero, para así lograr a igualdade real entre rapazas e rapaces en todos os ámbitos da vida. Prestamos unha especial atención ao fomento de iniciativas coeducativas, á introdución de accións de prevención e sensibilización de violencias machistas e de accións que fomenten a igualdade no acceso a espazos de participación.

• **Interese superior da infancia:** calquera decisión, lei ou política que poida afectar á nena ou ao neno ten que ter en conta o que vaia ser o mellor para ela ou para el. A aplicación deste principio debe garantir a protección e o coidado das rapazas e dos rapaces para lograr o seu desenvolvemento e benestar.

• **Dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento:** as nenas e os nenos teñen dereito a vivir e alcanzar o seu maior potencial na vida. Atender a este principio leva consigo a construción de iniciativas e programas que protexan á poboación infante, así como contribúan a xerar espazos de reflexión, desenvolvemento como persoas, así como a súa creatividade, aprendizaxe constante e felicidade.

• **Participación:** as nenas, os nenos e adolescentes teñen dereito a ser consultados sobre as situacións que lles afecten, así como se teñan en conta as súas opinións. Ter en conta este principio implica crear espazos e mecanismos que garantan o papel activo e protagonista da poboación infante e adolescente na comunidade. No marco deste Plan prestamos unha especial atención á construción de estruturas propias de participación que sexan viables e sostibles no tempo.

Criterios de actuación

No proceso de formulación do presente Plan tivemos en conta diferentes enfoques e criterios de actuación:

• **Transversalidade**, promocionando en todo este proceso a coordinación, colaboración e traballo en rede das persoas técnicas e políticas das diferentes áreas municipais.

• **Globalidade**, facilitando espazos de traballo en equipo entre axentes sociais, entidades e institucións públicas que traballan en temas de infancia e adolescencia no municipio.

• **Investigación – planificación – seguimento – avaliación**, comezamos este proceso cun estudo minucioso da situación da infancia e da adolescencia, para logo formular accións e identificar obxectivos que serán avaliados nun proceso constante grazas ao deseño de ferramentas específicas.

• **Integralidade – diversidade**, entendemos á infancia e á adolescencia como un sector poboacional que comparte múltiples problemáticas, necesidades e situacións, pero tamén pretendemos reflectir a súa diversidade e como consecuencia, atender á mesma.

• **Xestión racional de políticas públicas**, grazas ás dinámicas de traballo compartido garantimos a non duplicidades nin solapamentos no ámbito municipal.


REFERENTES CONCEPTUAIS



Este Plan toma como base os principios artelladores da Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena. O enfoque de traballo que empregamos para a formulación do plan baseouse nunha perspectiva comunitaria, aberta e participativa, sendo seu obxectivo crear dinámicas de traballo que garantan a introdución transversal do enfoque de dereitos da infancia en todas as políticas municipais. Por isto, o noso traballo baseouse na creación de espazos abertos e democráticos de traballo compartido que impulsaron rutinas de coordinación e colaboración entre axentes sociais e o Concello, así como no interior da administración municipal.

O I Plan Municipal da Infancia e da Adolescencia de Carnota vai dirixido a todas as nenas, nenos e adolescentes do municipio, entendendo por estas as persoas menores de 18 anos de idade, de acordo co previsto no artigo 12 da Constitución española e no artigo 1 da Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena.

Un dos piares conceptuais do I Plan Municipal da Infancia e da Adolescencia é o documento «Construíndo Cidades Amigas da Infancia» de UNICEF, que repre-sentou unha guía á hora de pensar e imaxinar o noso Concello como un garante de dereitos da infancia. Este documento é unha ferramenta básica para crear estruturas e pensar en políticas, actividades e accións municipais que involucren ás rapazas e aos rapaces como verdadeiros suxeitos de dereitos e como axentes de transformación social. Así mesmo, é de moita axuda para crear mecanismos que garantan o acceso en igualdade de condicións aos servizos básicos. O proceso de construción deste compendio de medidas foi un camiño que levou consigo ademais de un alto nivel da vontade do goberno municipal, o compromiso, o esforzo da totalidade do persoal técnico das diferentes áreas municipais e a implicación e traballo da comunidade educativa, axentes sociais e das rapazas e rapaces. En definitiva, este proceso de traballo tivo en conta un enfoque comunitario, que implica a participación e a ilusión da comunidade ao completo, o que significa unha garantía á hora de pensar nos niveis de sustentabilidade e de viabilidade.



Este proceso de construción ten como base entón, a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena adaptada á realidade municipal. O I Plan Municipal de Infancia e de Adolescencia de Carnota inclúe polo tanto, nove elementos fundamentais:

- **Participación infantil**, creando espazos propios que garantan un alto nivel de incidencia real política e que fomente o empoderamento infantil e adolescente tendo en conta a perspectiva de xénero.
- **Un marco legal amigo da infancia**, incorporando o enfoque de dereitos da infancia en todos o marco legal local.
- **Unha estratexia de dereitos da infancia para todo o municipio**, desenvolvendo unha planificación estratéxica que garanta a construción de Carnota Amiga da Infancia e da Adolescencia.
- **Unha comisión de dereitos da infancia ou un mecanismo de coordinación**, creando estruturas sostibles no tempo no marco do goberno local que traballen baixo a perspectiva do enfoque de dereitos da infancia.
- **Análise e avaliación do impacto na infancia e na adolescencia**, construíndo un sistema que garanta o seguimento das políticas executadas analizando o impacto real sobre as rapazas e sobre os rapaces, sen deixar de lado a perspectiva de xénero.
- **Un orzamento para a infancia e para a adolescencia**, asignando com-promisos reais para o futuro.
- **Un informe periódico sobre o estado da infancia e da adolescencia**, creando mecanismos de traballo baseados na actualización constante de información, para así ter constancia da evolución da situación da infancia e da adolescencia en Carnota.
- **Dar a coñecer os dereitos da infancia**, establecendo accións e programas que divulguen os dereitos da infancia en toda a comunidade.
- **Avogacía independente para a infancia**, apoiando ás ONGs e desenvolvendo institucións independentes de dereitos humanos que promovan os dereitos da infancia.

OBXECTIVOS




Obxectivo xeral

Traballar polo benestar e a calidade de vida da poboación infante e adolescente en Carnota a través da integración transversal do enfoque de dereitos da infancia e da adolescencia nas políticas e nas decisións municipais e na vida local.

Obxectivos específicos

- 1.Fomentar a participación da poboación infante e adolescente no proceso de xestión das políticas e das decisións municipais.
- 2.Favorecer o empoderamento e a conciencia crítica da poboación infante e adolescente como suxeitos de dereito para que cheguen a ser axentes de cambio a nivel local.
- 3.Sensibilizar á veciñanza sobre os dereitos da infancia e da adolescencia.
- 4.Fomentar a coordinación e a cooperación entre as diferentes áreas mu-nicipais para a transversalización dos dereitos da infancia e da adolescencia na vida do Concello.
- 5.Implantar unha estratexia formativa de apoio a educación en valores no marco das familias e dos centros educativos.
- 6.Favorecer a conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais da veciñanza.
- 7.Desenvolver programacións culturais e deportivas que teñan en conta os intereses da infancia e da adolescencia.






Antecedentes

O Concello de Carnota leva anos apostando por políticas municipais que contribúen á mellora da calidade de vida da infancia e da adolescencia no seu territorio. De feito, as distintas concellarías, e nomeadamente as áreas técnicas relacionadas con servizos sociais, cultura, deportes e normalización lingüística, desenvolven programas e actividades que fortalecen os dereitos recoñecidos na Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena; como o dereito á saúde (art.24) o dereito á propia cultura (art.30), o dereito ao descanso, ao lecer e ao tempo libre (art.31), entre outros.

En todo caso, colle sinalar a posta en marcha de actividades relacionadas coa cultura e co achegamento da lectura ás máis pequenas e pequenos, desenvolvendo iniciativas que contribúen a alimentar o gusto e o pracer polas letras, particularmente polas letras galegas. Igualmente relevante neste eido, resulta o traballo que se realiza no marco da Escola de Música Municipal de Carnota, onde as rapazas e os rapaces aprenden e gozan cos acordes de diferentes instrumentos.

Tamén é de referir o labor da área de deportes para contribuír a un desenvolvemento saudable da infancia e da adolescencia, integrando hábitos relacionados coa actividade física e o deporte desde a primeira infancia.



COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL

Ao longo do proceso de planificación xeramos diferentes espazos de traballo compartido e cooperativo. Todos estes espazos foron dinamizados con metodoloxías de traballo democráticas e participativas.

Decembro de 2017. Reunión informativa sobre o proceso de elaboración do I Plan Municipal de Infancia e de Adolescencia con persoas representantes da comunidade educativa e axentes sociais.

Xaneiro 2018. Elaboración de reunións de traballo para realizar entrevistas cos equipos directivos dos CEIP, IES e EEI.

Febreiro 2018. Mesa de traballo compartido con persoas representantes das ANPAs, centros educativos, Asociacións Veciñais e Asociacións Culturais: recollida de principais problemáticas, necesidades, propostas e ideas.

Abril 2018. Mesa de traballo compartido con persoas representantes das ANPAs, centros educativos, Asociacións Veciñais, Asociacións Culturais, persoal político do goberno e da oposición e persoal técnico. Devolución de resultados e deseño compartido de mecanismos de seguimento do I Plan.

COORDINACIÓN INTERNA

Este proceso de traballo derivou na constitución da Comisión Interna Municipal de Infancia e Adolescencia. O persoal técnico responsable das diferentes áreas municipais reuníronse varias veces para diagnosticar, propor e priorizar obxectivos ao longo deste proceso.

Xaneiro 2018. Reunións de traballo para realizar entrevistas con cada unha das áreas municipais que programan actividades dirixidas a infancia e adolescencia.

Febreiro 2018. Constitución da Comisión Interna de Infancia e Adolescencia de Carnota.

Abril 2018. Reunión de traballo da Comisión Interna de Infancia e Adolescencia de Carnota.

Abril 2018. Reunión de traballo do Grupo Municipal de Goberno

INFANCIA E ADOLESCENCIA: AS PROTAGONISTAS

O proceso de planificación xirou arredor do protagonismo da participación da infancia e da adolescencia. As rapazas e rapaces contaron con diferentes espazos de creación, reflexión e coñecemento para pensar nunha Carnota mellor, e nun novo rol como axentes de cambio.

Febreiro 2018. Presentación do proceso participativo da elaboración do Plan ao alumnado dos CEIP e do IES.

Febreiro 2018. Elaboración dun cuestionario para todo o alumnado dos CEIP e do IES. Esta ferramenta tivo como obxectivo coñecer a opinión da rapazada en relación a cuestións relacionadas co medio ambiente, urbanismo, programación cultural e deportiva ou equipamentos e instalacións municipais.

Febreiro 2018. Proceso democrático de selección de representantes da infancia e da adolescencia nos centros educativos.

Marzo e abril de 2018. Catro obradoiros participación social e de análise da realidade co alumnado representante dos CEIPs e do IES.

Marzo 2018. Obradoiro de vídeo participativo “Faite oír” . Neste espazo todas as rapazas e rapaces puideron expresar as súas ideas sobre o territorio, así como sobre a situación da infancia e da adolescencia. O obxectivo foi crear un altofalante para alzar a voz das rapazas e rapaces, e así ter en conta a súa visión sobre o municipio para este Plan.

Marzo 2018. “A xuvenca viaxeira”: esta actividade ten como obxectivo achegar esta iniciativa ao alumnado das escolas infantís e ás súas familias. A través da figura dunha vaca chamada “Xuvenca” crease un circuíto de visitas, as crianzas e as familias escriben nun diario o que pensan sobre a infancia e sobre Carnota.

PARTICIPACIÓN DA VECIÑANZA

Este proceso contou cunha plataforma online que serviu para dar contas e informar á cidadanía. Ademais, no marco dunha feira comunitaria, creouse un espazo innovador para recoller todas as demandas e opinións da veciñanza. O obxectivo foi apostar por un proceso o máis democrático e transparente posible.

Marzo 2018. Actividade comunitaria participativa “Photocall Carnota Amiga da Infancia”: unha acción comunitaria desenvolvida no marco da Mostra de Artesanía Local “VindemoVer”. Neste espazo divulgouse información sobre a Convención dos Dereitos do Neno e da Nena.

INFORMACIÓN SOBRE CARNOTA



LOCALIZACIÓN

O municipio de Carnota pertence á comarca de Muros, na provincia de A Coruña. O Concello ten cinco parroquias: Lira, Santa Comba de Carnota, San Mamede de Carnota, O Pindo e Lariño. Esta vila mariñeira limita ao norte con Dumbría a través da desembocadura do río Xallas e o monte Pindo, ao sur con Muros a través da Punta Lens.



Este municipio considérase o final da Costa da Morte, a súa paisaxe é característica e moi rica, xa que ten unha costa ben distinguida por grandes praias e montes que garanten vistas ao mar. O territorio de Carnota abrangue 66.4km cadrados. O municipio prolóngase rodeando case 30km de costa, o que provoca un nivel de dispersión da poboación considerable. O reparto da poboación é moi desigual, concentrándose a súa maioría no Val de Carnota, un inmenso anfiteatro rodeado de montañas e campos que se protexen do mar por dunas e xunqueiras.

O punto máis alto do municipio correspóndelle á Moa, o cumio do monte Pindo, encarnado polas súas rochas graníticas que forman un espazo natural característico. En Carnota hai numerosos ríos e regatos, nos que destaca o río Vadebois ou o Xallas, que serve de límite polo norte co concello de Dumbría, un dos poucos ríos de Europa que desemboca en fervenza (a coñecidísima Fervenza do Ézaro). O Concello posúe dous portos con actividade pesqueira, o de Lira e o de O Pindo.



Patrimonio histórico e cultural

Carnota destaca por conservar e coidar o seu patrimonio histórico e cultural. Da época prehistórica, consérvanse varios petroglifos de gran interese, destacando o coñecido como Laxe escrita, descuberto en 1980 por un grupo de escolares. A escultura atópase no lugar chamado "Descansadeiro", ó que se chega collendo unha pista á altura do polideportivo da vila.

Da época celta, destacar a presenza de varios castros. O mellor conservado é o castro de Mallou, que aínda presenta restos das murallas e das antigas vivendas. A actual Lira asentouse sobre os restos de outro castro, conservando incluso a estrutura circular na disposición das vivendas.



No cumio de Penafiel, crese que existiu un lugar de culto celta, profanado polo xeneral romano Lucio Sestio, do que colleu nome o ara. Vindo de Penafiel, ó outro lado do cumio de A Moa, no lugar chamado Chan de Lamas, encontráronse restos que se cren pertencentes a un antigo poboamento dedicado á extracción de estaño, que despois venderíase ós fenicios.

Carnota é coñecida tamén polos hórreos que compiten por seren os máis grandes de Galicia, un deles en Lira e outro en Santa Comba de Carnota.

Este municipio tamén é ben sonado polas súas praias. Concretamente o areal da praia de Carnota mide sete quilómetros. Esta praia conta con dunas e unha zona de marismas que se divide en dúas partes: Caldebarcos, ao norte e A Lagoa ao sur, que están separadas por Punta Larada, que a súa vez tamén divide as praias de Carnota estrita e a de San Mamede (A Berberecheira).

Pola súa banda, a praia de Boca do Río, onde desemboca o río Vadebois, é tamén moi valorada pola súa característica paisaxe.

Perfil sociodemográfico e económico

Segundo os últimos datos do padrón municipal do IGE, en 2016 Carnota contaba con 4170 habitantes, dos que 2458 son homes e 2654 son mulleres. A poboación menor de idade no municipio supón o 9,44% da totalidade. En canto ás diferenzas por sexo da estrutura da poboación, observamos como os niveis masculinos son superiores aos femininos nas idades máis temperás (< de 24 anos). Sen embargo cando reparamos nas cifras das idades adultas observamos como as mulleres engrosan as cifras até ser máis numerosas nas idades maiores (>64 anos). As razóns que podemos intuír para explicar dito fenómeno apuntan a esperanza de vida feminina máis elevada e á posible emigración masculina. Se atendemos a evolución demográfica dos últimos 10 anos -dende 2006 até 2016- decatamos que a diminución de habitantes no municipio é moi relevante, concretamente foron case 1000 (942). Pola súa banda, se analizamos a evolución da poboación menor de 16 anos nos últimos 10 anos -dende 2006 até 2016-, observamos de novo como as cifras van en detrimento, concretamente 86 persoas menos.

A actividade económica da vila de Carnota está moi influenciada pola estacionalidade e o sector turístico. A paisaxe e a localización do territorio son factores que inflúen nos niveis de turismo concentrado na tempada de verán, e polo tanto, a creación de emprego estacional vinculado ao sector servizos, concretamente de restauración e hostalería. Na mesma liña, o tecido empresarial está caracterizado polas micro empresas ou mesmo por persoas autónomas no eido do sector servizos. As cifras reflicten que a economía local céntrase no sector “servizos”, o 58,91% das persoas que están de alta encaixan nesta categoría. Os sectores restantes contan cun nivel similar, aínda que despunta o sector de “agricultura e pesca” cun 14,60%, fronte o 13,98% da categoría de “industria” e o 12,46% das altas que encadran no sector de “construción”.

ACTUACIONES E TEMPORALIZACIÓN



A continuación fixamos as actuacións mediante as que pretendemos facer efectivos os obxectivos que expuxemos no punto anterior. Mostramos nunha matriz de planificación as grandes liñas de traballo que determinamos a partir das opinións e do traballo en rede realizado. As opinións e os sentires da poboación infante e adolescente son o eixo fundamental para debuxar esta planificación.

O obxectivo da planificación é delimitar grandes liñas de acción e de actuación, este plan debe ser un documento vivo que conte cos mecanismos oportunos para a súa actualización constante, así como para o deseño de actividades e accións que se adecúen na maior medida aos intereses das rapazas e dos rapaces.

OBXECTIVO 1. Fomentar a participación da poboación infante e adolescente no proceso de xestión das políticas e das decisións municipais.

Actuación 1.1

Constituír democraticamente un grupo estable liderado por rapazas e rapaces de Carnota nas estruturas de participación municipal

Tempo

2018

Axentes implicados

Servizos Sociais e rapazas e rapaces

Indicadores

Nº de reunións de traballo dos e das representantes de infancia e de adolescencia

Temáticas abordadas nestas reunións



Actuación 1.2

Dinamizar o Consello Municipal de Infancia e Adolescencia como estrutura de participación a nivel local

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Representantes do Consello Municipal: rapazas e rapaces, corporación municipal, persoal técnico, comunidade educativa e tecido asociativo

Indicadores

Regulamento aprobado en Pleno Municipal; Nº de sesións ordinarias e extraordinarias anuais; Temáticas abordadas nas sesións; Nº de propostas (segundo axentes impulsor) aprobadas no marco do I Plan; Nivel de satisfacción das axentes no marco das sesións.

Actuación 1.3

Incluír a participación infantil e adolescente nas estruturas de participación existentes a nivel municipal (as asembleas veciñais...)

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Persoal responsable de participación cidadá e grupo de representantes de rapazas e rapaces

Indicadores

Nº de asembleas nas que participan as rapazas e os rapaces; Temáticas abordadas nas sesións; Nº de intervencións lideradas pola infancia e adolescencia (desagregando por sexo)

Actuación 1.4

Dinamizar espazos comunitarios públicos como propios da poboación adolescente (axencia de lectura...)

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Comisión Interna de Infancia e Adolescencia

Indicadores

Nº de actividades programadas en equipamentos municipais para a infancia e a adolescencia;

Nº de rapazas e rapaces que participan nas actividades; Nº de actividades programadas impulsada polas propias rapazas e rapaces.

Actuación 1.5

Favorecer a autoxestión de espazos e recursos comunitarios por parte da infancia e da adolescencia (local de ensaio...)

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Comisión Interna de Infancia e Adolescencia

Indicadores

Nº de actividades programadas polo grupo de rapazas e rapaces;
Nº de rapazas e rapaces que participan nas actividades.

Actuación 1.6

Crear espazos de intercambio con outros concellos galegos que participan no proxecto "Selo de UNICEF Cidades Amigas da Infancia"

Tempo

2018

Axentes implicados

Consello Municipal da Infancia e da Adolescencia

Comisión Interna de Infancia e Adolescencia

Indicadores

Nº de visitas a outros concellos galegos; Nº de actividades programadas en coordinación con outras entidades ou concellos; Nº de rapazas e rapaces que participan nas actividades.

OBXECTIVO 2. Favorecer o empoderamento e a conciencia crítica da poboación infante e adolescente como suxeitos de dereito para que cheguen a ser axentes de cambio a nivel local.

Actuación 2.1

Deseñar un programa de obradoiros centrados en participación cidadá e na cultura democrática.

Tempo

2018-2019

Axentes implicados

Persoal responsable de servizos sociais

Indicadores

Nº de obradoiros; Nº de rapazas e rapaces que asisten; Temáticas abordadas nestes espazos; Nivel de satisfacción das rapazas e rapaces que asisten

Actuación 2.2

Crear comisións de traballo integradas por rapazas e rapaces que investiguen e propoñan actuacións de competencia municipal (programación cultural e deportiva, accesibilidade, limpeza, coidado do entorno, seguridade vial...).

Tempo

2019-2021

Axentes implicados

Grupo de rapazas e rapaces e Comisión Interna de Infancia e Adolescencia

Indicadores

Accións e traballos presentados no Consello Municipal de Infancia e Adolescencia;
Nivel de satisfacción das rapazas e rapaces que participan nas comisións

OBXECTIVO 3. Sensibilizar á veciñanza sobre os dereitos da infancia e da adolescencia.

Actuación 3.1

Dinamizar unha plataforma online na que se promocióne a programación de actividades dirixidas a infancia e adolescencia, os dereitos da infancia e da adolescencia, as actuacións do Consello Municipal e o desenvolvemento do I Plan

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Comisión interna de Infancia e de Adolescencia

Indicadores

Data de creación do blogue; N° de entradas publicadas na plataforma; Publicacións compartidas nas RRSS; N° de visitas mensuais

Actuación 3.2

Desenvolver sesións formativas en materia de dereitos da infancia dirixidas as persoas representantes do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia

Tempo

2018-2019

Axentes implicados

Consello Municipal de Infancia e Adolescencia e Persoal de servizos sociais

Indicadores

N° de sesións desenvolvidas; N° de persoas que participan; Nivel de satisfacción das persoas que participan

OBXECTIVO 4. Fomentar a coordinación e a cooperación entre as diferentes áreas municipais para a transversalización dos dereitos da infancia e da adolescencia na vida do Concello.

Actuación 4.1

Crear unha Comisión Interna de Infancia e de Adolescencia

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Persoal técnico de todas as áreas municipais que teñan incidencia en infancia e adolescencia.

Indicadores

Data de creación do blogue; Nº de entradas publicadas na plataforma; Publicacións compartidas nas RRSS; Nº de visitas mensuais

Actuación 4.2

Elaborar un mapa de recursos municipais destinados á infancia e á adolescencia

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Comisión Interna de Infancia e de Adolescencia

Indicadores

Nº de sesións desenvolvidas; Nº de persoas que participan; Nivel de satisfacción das persoas que participan

OBXECTIVO 5. Implantar unha estratexia formativa de apoio a educación en valores no marco das familias e dos centros educativos.

Actuación 5.1

Desenvolver obradoiros formativos dirixidos á infancia, á adolescencia (prevención de violencias machistas, acoso escolar e uso responsable de internet...)

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Persoal responsable de Servizos Sociais

Indicadores

Nº de obradoiros; Nº de persoas que asisten; Temáticas abordadas nas sesións; Nivel de satisfacción das per-soas que participan

Actuación 5.2

Desenvolver obradoiros formativos dirixidos ás familias (prevención de violencias machistas, acoso escolar e uso responsable de internet...)

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Persoal responsable de Servizos Sociais

Indicadores

Nº de obradoiros; Nº de persoas que asisten; Temáticas abordadas nas sesións; Nivel de satisfacción das persoas que participan

OBXECTIVO 6. Favorecer a conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais da veciñanza.

Actuación 6.1

Elaborar un estudo sobre as demandas das familias respecto á conciliación

Tempo

2020-2021

Axentes implicados

Persoal responsable de Servizos Sociais

Indicadores

Informe do estudo

Actuación 6.2

Crear unha estratexia de traballo en materia de conciliación e corresponsabilidade

Tempo

2020-2021

Axentes implicados

Persoal responsable de Servizos Sociais

Indicadores

Documento da estratexias

Actuación 6.3

Desenvolver proxectos que favorezan a conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais da veciñanza

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Persoal responsable de Servizos Sociais

Indicadores

Nº de familias que forman parte das accións; Nivel de satisfacción das mesmas

OBXECTIVO 7. Desenvolver programación culturais e deportivas que teñan en conta os intereses da infancia e da adolescencia

Actuación 7.1

Deseñar actividades desde a área de Cultura que teñan en conta os intereses e afeccións da infancia e da adolescencia

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Comisión interna de Infancia e de Adolescencia e Persoal técnico de cultura

Indicadores

Nº de actividades desenvolvidas destinadas á infancia e á adolescencia; Nº de nenas e nenos que participaron nas actividades; Nº de adolescentes que participaron nas actividades

Actuación 7.2

Deseñar actividades desde a área de Deportes que teñan en conta os intereses e afeccións da infancia e da adolescencia

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Comisión interna de Infancia e de Adolescencia e Persoal técnico de deportes

Indicadores

Nº de actividades desenvolvidas destinadas á infancia e á adolescencia; Nº de nenas e nenos que participaron nas actividades; Nº de adolescentes que participaron nas actividades

Actuación 7.3

Deseñar actividades desde a área de Normalización Lingüística que teñan en conta os intereses e afeccións da infancia e da adolescencia

Tempo

2018-2021

Axentes implicados

Comisión interna de Infancia e de Adolescencia e Persoal técnico de Normalización Lingüística

Indicadores

Nº de actividades desenvolvidas destinadas á infancia e á adolescencia; Nº de nenas e nenos que participaron nas actividades; Nº de adolescentes que participaron nas actividades

EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO



As grandes liñas de traballo que se contemplan neste documento serán executadas, valoradas e avaliadas a través de dinámicas de traballo coordinado e colaborativo tanto a nivel interno da administración municipal, como a nivel externo grazas á participación e ao compromiso das rapazas e dos rapaces, da comunidade educativa e do tecido asociativo.

Co obxectivo de facer realidade este proceso formulamos algúns mecanismos concretos de traballo:

A constitución da Comisión de Coordinación Interna de Infancia e Adolescencia suporá o impulso do traballo en rede a nivel municipal. As súas funcións para garantir a execución e avaliación deste Plan son as seguintes:

- Planificar as accións e actuacións que se posicionan no Consello Municipal de Infancia e Adolescencia, sempre que encaixen no marco do presente Plan.
- Facer seguimento a través da revisión dos indicadores de avaliación que se presentan no presente Plan. Todos os indicadores deseñados terán que ter en conta a perspectiva de xénero, é dicir, terán que desagregar a información por sexo.
- Trasladar os avances e dificultades ao Consello Municipal de Infancia e Adolescencia.



Pola súa banda, o Consello Municipal de Infancia e Adolescencia suporá un mecanismo garante da transparencia na xestión municipal. As súas funcións para garantir a execución e avaliación deste Plan son as seguintes:

- Exercer de órgano de participación e de canle de comunicación entre a poboación infante e adolescente e o persoal técnico e político do Concello.
- escoitar e trasladar todas aquelas demandas, queixas ou suxestións das rapazas e dos rapaces fagan chegar a través dos seus representantes no Consello.
- Recibir información sobre aquelas propostas ou actuacións que o Concello leve a cabo en calquera tema que poida ser de interese para a infancia e adolescencia.
- Propoñer ao Concello as medidas que o Consello Municipal da Infancia e da Adolescencia considere oportunas na busca do benestar da poboación infante e adolescente de Carnota no marco do Plan Municipal de Infancia e Adolescente vixente.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación dos plans de infancia e adolescencia vixentes e futuros.

RECURSOS



A continuación expomos os recursos humanos, materiais e financeiros dos que se disporá para facer efectivo o I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia de Carnota.

Recursos humanos

Municipais

- As e os responsables políticos e técnicos de todas as áreas municipais do Concello colaborarán no desenvolvemento do presente Plan.

Extramunicipais

- Grupo de rapazas e rapaces representantes.
- Persoal doutras administracións.
- Tecido asociativo que traballa a prol dos dereitos da infancia e da adolescencia.
- Outras profesionais que se poidan incorporar en función das necesidades.

Recursos materiais

- Equipamentos, instalacións e locais municipais e veciñais.

Recursos económicos

A incorporación transversal do enfoque de dereitos da infancia e da adolescencia implica compromisos reais de todas as áreas municipais. A continuación mostramos unha estimación aproximada do cómputo total de orzamento asignado para cada ano.

Área técnica	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
Normalización lingüística	4900€	4900€	4900€	4900€
Cultura	81500€	81500€	81500€	81500€
Deportes	44000€	44000€	44000€	44000€
Servizos Sociais Igualdade e Diversidade	10600€	10600€	10600€	10600€
Participación cidadá e Igualdade	7000€	7000€	7000€	7000€



ORGANIGRAMAS



DESENVOLVEMENTO DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA



PARTICIPACIÓN DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA

